



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
VENTOSELA
24 DE OUTUBRO DE 2013

ORDE DO DÍA

1.- Orzamentos participativos

Na Asociación Cultural e Deportiva Miñoteira de Ventosela, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse as/os seguinte integrantes:

- José Manuel Alonso Estévez, representante do grupo municipal PP
- Martín Rodríguez Alves, representante do grupo municipal PS de G - PSOE
- Félix Cal Cortizas, representante das asociacións de veciños
- Domitila Couñago Iglesias, representante das asociacións de veciños
- Fernanda Casqueiro Nogueira, representante das asociacións culturais
- Celso Darroza Freire, representante das asociacións deportivas
- María José Casqueiro Amoedo, representante das asociacións nais/pais
- Bernardo Freire Míguez, representante das comunidades de augas
- María Mar Mariño Alfonso, representante das asociacións de mulleres

Todas/os elas/es baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS, asistidos de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza extraordinaria do Consello Parroquial de Ventosela convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión e Consello Parroquial de Ventosela, sendo as vinte horas e corenta minutos do día indicado no encabezamento.

1.- Orzamentos participativos

A Presidenta informa que das prioridades que se elixiron no anterior Consello Parroquial para os orzamentos participativos as canalizacións das augas resultan moi difíciles de facer, xa que hai lugares nos que a cuneta non é o suficientemente ancha e resulta imposible recoller as augas porque baixan con moita forza.

A canalización na Baixada de Raíns xa está solucionada. Houbo unha proposta de facer beirarrúas que non se recolleu nas prioridades porque o solo non é propiedade do Concello, senon da Comunidade de Montes. Contactouse coa



CONCELLO DE REDONDELA

Comunidade para facer un convenio de colaboración para a cesión dos terreos (achéganse ás/aos membros copias do texto e do plano). Se se asina este convenio solicitaríase inmediatamente a autorización á Consellería de Medio Rural e poderíanse realizar as obras das beirarrúas se así o aproba o Consello Parroquial. Consegúronse catro orzamentos de: 10.676 euros, 10.543 euros, 11.600 euros e o máis económico ascende a 10.466 euros.

O orzamento da colocación da varanda para o parque biosaudable ascende a 1.497 euros. O encargado de recoller os orzamentos foi Jorge Varela Couñago, que estaba contactando con ferreiros, pero tendo en conta a contorna falouse con el para que se pediran orzamentos para varandas de madeira de tronco redondo.

Para o quitamedos tendo en conta os outros investimentos poderíase colocar o do lado esquerdo, que é o que máis urxe e o importe ascende a 1.122 euros.

Tendo en conta todos os investimentos o gasto ascende a 13.085 euros, polo que sobrarían 415 euros.

Martín Rodríguez Alves di que hai en vías e obras vallas que se retiraron doutros lugares e se poderían aproveitar para o quitamedos doutro lado só faría falla mercar os postes.

Bernardo Freire Míguez di que o que sobre que se invista na compra dos postes.

José Manuel Alonso Freire di que tamén habería que poñer unha marquesiña para que as/os nenas/os non se mollen. A Presidenta di que primeiro habería que buscarlle a ubicación e co que sobra dos orzamentos participativos non chega para a marquesiña porque son moi caras. Se se compran feitas poden custar entre 3.000 e 4.000 euros, o Concello atopou un ferreiro que as fai pola metade, e se podería poñer cos orzamentos do ano que ven, que non teñen porque ser os participativos.

Por unanimidade das/os membros presentes se aproba realizar con cargo aos orzamentos participativos os seguintes investimentos:

- Beirarrúas na contorna do Centro Cultural
- Valado no parque biosaudable
- Quitamedos do lado esquerdo

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.